

# Convocatoria do fondo solidario de libros de texto e axudas para libros de texto e material escolar para o alumnado de primaria, ESO e educación especial para o curso escolar 2020/2021

Dirixida a familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que estean matriculados en:

- Educación primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria
- Educación Especial

**O prazo rematará o día 22 de xuño de 2021 incluído**

## ✓ **Que modalidades de axudas existen**

Contémplanse os seguintes **tipos**:

•**Fondo solidario de libros de texto**, para o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria ; cursos en que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso anterior.

•**Axudas para adquirir libros de texto**, para o alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria e en educación especial; así como as axudas que pode recibir o alumnado con discapacidade superior ao 65% e necesidades específicas de apoio educativo.

•**Axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, secundaria obrigatoria ou educación especial.

O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso que corresponda na convocatoria está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos na correspondente orde.

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>